

RECOMENDACIÓNS PARA NON RESIDENTES E VIAXEIROS - COVID-19

Desde o 1 de xullo de 2020, se unha persoa chega a España procedente doutros países por vía aérea, é obrigatorio que cubra o formulario de control sanitario (FCS) asociado á súa viaxe para presentalo no control sanitario de chegada a España. Podes atopalo no portal web <http://www.spth.gob.es> e na app Spain Travel Health - SpTH, desde onde tamén podes obter o código QR da viaxe de forma sinxela.

No caso das viaxes por vía marítima, a compañía navieira debe entregar este documento aos viaxeiros durante a travesía ou á súa chegada ao porto en España.

Durante a túa estadía en España, por favor, segue en todo o momento as recomendacións fronte á COVID-19 indicadas polas [autoridades sanitarias](#).

Co obxectivo de protexer a túa saúde e a dos teus achegados, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha serie de medidas hixiénico-sanitarias para previr as infeccións causadas polo virus Sars-CoV-2.

Se non resides en Galicia e non tes médico/a de cabeceira asignado/a, a Xunta de Galicia pon á túa disposición o teléfono 881 002 021, onde te atenderán e che solicitarán información no caso de presentares algunha sintomatoloxía compatible coa COVID-19.

As persoas, sexan residentes en Galicia ou non, que proveñan de territorios cunha alta incidencia epidemiolóxica da COVID-19 ou que estivesen nos últimos 14 días nestes territorios, deben completar o [formulario](#) sanitario de rexistro nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia de que presenten ou non síntomas compatibles coa COVID-19.

Os territorios que se consideran de alta incidencia epidemiolóxica da COVID-19 nestes momentos son os seguintes:

- Calquera territorio do continente africano.
- Os seguintes territorios do continente americano: Arxentina, Aruba, Brasil, Colombia, República Dominicana, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Honduras, Panamá, Paraguai, Perú, Porto Rico, St Martin, Illas Tartarugas, Estados Unidos, Illas Virxes, Venezuela, Haití, Xamaica e Nicaragua.
- Os seguintes territorios de Asia: Bahrein, Bangladesh, India, Irán, Iraq, Israel, Kazakstán, Kirguistán, Maldivas, Omán, Palestina, Filipinas, Afganistán, Bután, Brunei, Camboxa, Indonesia, Laos, Mongolia, Myanmar, Nepal, Paquistán, Siria, Tailandia, Iemen e Vietnam.
- Os seguintes territorios de Europa: Acerbaixán, Illas Feroe e Kosovo.
- As comunidades autónomas de Aragón, Madrid, Navarra e o País Vasco.

Na seguinte [ligazón](#) pode atopar información de interese e actualizada sobre a COVID-19.